



**EXPEDIENTE M1/2022 DE MODIFICACIÓN DO ANEXO
DE SUBVENCÍONS NOMINATIVAS DO ORZAMENTO DE
2022**



Área / Unidad PRESUPUESTOS Y ESTUDIOS ECONOMICOS SH0000	Documento 36E16100IT	
Código de verificación  2K5A 0G32 2W1T 184Q 0YVF	Expediente 36E/2022/14	
	Fecha 13-09-2022	

Expediente M1/2022 de modificación do Anexo de Subvencións nominativas do Orzamento 2022

MEMORIA DA ALCALDÍA

I.- Sométese á aprobación da Xunta de Goberno Local, para o seu posterior sometemento ao pleno da corporación municipal o presente expediente, que ten por finalidade a modificación do anexo de subvencións nominativas. Non se modifica o estado de Gastos do Orzamento 2022. Modifícase o Anexo de subvencións, documentación que se une ao Orzamento de acordo co artigo 168.1 do TRLRFL. As modificacións do Anexo de Subvencións ou do Anexo de Investimentos, de competencia plenaria que non impliquen modificación, nin alteración dos créditos, nin aplicacións orzamentarias do estado de gastos do orzamento só requirirán dunha única aprobación por parte do pleno da corporación municipal, que será inmediatamente executiva.

Dende a Área de Educación, Memoria Histórica, Innovación, Industria e Emprego propóñense dúas modificacións do Anexo de Subvencións nominativas de 2022 de competencia plenaria que non implican modificación do crédito consignado para o 2022, nin modificación da aplicación orzamentaria. Consisten, por un lado, nunha modificación da finalidade dun convenio nominativo de Memoria Histórica e, por outra banda, nun cambio na denominación dun perceptor dunha subvención nominativa do Servizo de Educación.

II.- Este expediente modificativo, tal e como se reflicte no informe proposta, axústase ao establecido na Base 6ª das de Execución do Orzamento para 2022, que regulan as modificacións que afectan ao Anexo de Subvencións e Investimentos, de competencia plenaria, pero que na medida en que non afectan aos créditos nin tampouco ás aplicacións orzamentarias do estado de gastos, non é necesario o trámite de exposición pública. Deste xeito, só require dunha única aprobación



plenaria. Unha vez aprobada polo pleno da corporación municipal, será inmediatamente executiva, sen necesidade do trámite de información pública.

III.- No expediente consta a xustificación da proposta efectuada polo servizo xestor para a tramitación deste expediente M1/2022, así como o informe proposta do Servizo de Orzamentos e Estudos Económicos.

IV.- Por iso, procede aprobar o proxecto do expediente de modificación do Anexo de Subvencións nominativas M1/2022 do Orzamento de 2022, para a súa posterior aprobación por parte do pleno da corporación municipal.

O expediente non implica variacións nos estados de gastos nin de ingresos do orzamento, nin supón cambios na distribución por capítulos do mesmo.

Tramítese o expediente con suxeición ao procedemento establecido pola normativa vixente.

A Coruña, na data da sinatura dixital deste documento electrónico

Inés Rey García
Alcaldesa

Asunto: Expediente M1/2022 de modificación do Anexo de Subvencións nominativas do Orzamento 2022.

Destino: Xunta de Goberno Local e no seu caso Pleno da Corporación.

Sométese a informe desta Intervención Xeral o expediente de referencia. Examinado o mesmo emítese o seguinte

INFORME.

Propónse modificar o anexo de subvencións nominativas para:

1. **Modificar o perceptor da achega o Centro Asociado UNED**, pasando de ser o Patronato ao Consorcio Universitario do centro asociado a UNED da Coruña. Na sesión plenaria de 10 de decembro de 2018 acordouse por unanimidade dos presentes no Pleno “aprobar a proposta de modificación dos estatutos do Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña”, polo que dende este punto de vista a modificación resulta coherente co citado acordó plenario, aínda que na nosa opinión non debería estar incluído no anexo de subvencións xa que achega ao Consorcio é incondicionada como o é ao resto dos Consorcios (Turismo e o da Música) nos que o Concello está integrado. E neste sentido reiteramos, xa que consideramos que é importante telo en conta, o que xa dixemos no noso informe de 3 de decembro de 2018 ao acordó plenario de 10 de decembro en relación ás achegas ao Consorcio aínda que non foi tido en conta polo Pleno do concello na citada sesión:

“2.- Os Estatutos do Consorcio incumpren o artigo 124 b) da Lei 40/2015 ó non fixar as aportacións dos seus membros, e non xustifica o esixido no artigo 57.3 da Lei 7/1985.

O artigo 16 dos Estatutos di que:

“Las entidades consorciadas se obligan a incluir en sus presupuestos ordinarios los partidos necesarias para subvencionar la totalidad de los gastos del centro”

E que

“ El resto de las instituciones que financian el Centro Asociado en sus presupuestos ordinarios las partidas necesarias para subvencionar la totalidad de los gastos del centro.”

O artigo 124 b) da Lei 40/2015 da Lei 40/2015, de Réxime Xurídico do Sector Público, obriga a identificar nos estatutos do Consorcio os participantes do mesmo así como “las aportaciones de sus miembros”. Tamén esixe que “los estatutos incluyan cláusulas que limiten las actividades del consorcio si as entidades consorciadas incumplieran los compromisos de financiación”, así como fórmulas tendentes ó aseguramento das cantidades comprometidas polas entidades consorciadas con carácter previo a realización das actividades orzamentarias. Ningún destes extrmos constan nos estatutos cúa aprobación propónse.

Estas previsións supón que o Pleno, no caso de acordar a aprobación dos Estatutos e integración do Concello no Consorcio asumo un compromiso indeterminado economicamente de achega, o cal non se axusta a necesaria concreción e compromiso orzamentario que esixe a Lei de Facendas Locais en cualquier acto de compromiso económico. Poderíamos incluso chegar a dicir que ante a indeterminación da achega municipal, estase a incumprir o artigo 173 da lei de Facendas Locais que prohíbe, baixo a sanción da nulidade de pleno dereito, adquirir compromiso de gastos por cuantía superior ó importe dos créditos autorizados no estados de gasto do orzamento.

É certo que o Pleno pode asumir compromisos de gastos futuro pero sempre tendo en conta que en primer lugar hai que fixar e determinar economicamente o importe comprometido, sin perxucio da súa posterior revisión, e logo condicionar a achega comprometida con cargo os futuros orzamentos a dispoñibilidade de crédito nos mesmos por así prevelo o mesmo artigo 174 da Lei da Facendas Locales cando di que “1. La autorización o realización de los gastos de carácter plurianual se subordinará al crédito que para cada ejercicio autoricen los respectivos presupuestos”.

Tamén derivado da inconcreción da achega municipal resulta necesario recordar o disposto no artigo 7.3 da Lei Orgánica 272012, de Estabilidade Orzamentaria que esixe que para cualquier actuación dos que se deriven gastos e ingresos públicos presentes e futuros, deberá valorarse a súas repercusións e efectos, e supeditarse de forma estricta ó cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira; aspecto que non consta feito no expediente e que é de casi imposible cumprimento xa que non se fixa un importe de achega certo ou máximo.

Tampouco se xustifica o esixido no artigo 57.3 da Lei 7/1985, de Bases de Réxime Local. Este artigo esixe xustificar a preferencia, por razón de eficiencia dos recursos económicos, da constitución dun Consorcio fronte a formalización dun Convenio, e que a constitución do consorcio non poña en risco a sostenibilidade financeir do conxunto da Facenda da entidade local de qu ese trata, así como do propio Consorcio, que non poderá demandar máis recursos que os inicialmente previstos.

*Por todo o anterior a **nosa opinión é desfavorable a aprobación dos Estatutos** ó non establecer unha cantidade máxima de aportación e non condicionar o seu pago a existencia de crédito orzamentario axeitado e suficiente, e por non xustificar o esixido no artigo 57.3 da lei 7/1985 de Bases de Réxime Local.*

Porén, o Pleno resolverá tendo en conta que o presente informe non é vinculante.”


2. **Modificar a finalidade da subvención a favor da entidade “Ateneo Republicano de Galicia”,** pasando de financiar gastos para actividades relacionadas co Ateneo Republicano a financiar os gastos xerais da entidade e das actividades desenvolvidas por ésta no exercicio 2022. Se ben esta modificación e novo destino é común a outras entidades nas subvencións nominativas do orzamento, non por iso debemos de deixar de advertir que facer achegas para o sostemento dos gastos xerais da entidade non se axusta á actividade de formento propia das subvencións previstas na Lei 38/2003 Xeral de Subvencións, xa que non se está a estimular actividade concreta ningunha senon simplemente trátase dunha achega para axudar ó funcionamento ordinario da entidade (que non é moi diferente no fondo as achegas aos Consorcios e o IMCE, que cuxa achega é para o financiamento do funcionamento do ente e non se aplica a Lei de Subvencións), pero que en se mesmo non se pode considerar unha actividade concreta obxecto de fomento. Isto tamén dificulta o control do destino dos fondos públicos xa que sendo o destino tan xenérico resulta moi difícil en moitas ocasión de comprobar se se cumpre coa finalidade que segundo a Lei de subvencións debe tener cualquier subvención. Recordamos que segundo o artigo 2.1 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións:

“Se entende por subvención, a los efectos de esta ley, toda disposición dineraria realizada por cualesquiera de los sujetos contemplados en el artículo 3 de esta ley, a favor de personas públicas o privadas, y que cumpla los siguientes requisitos:

- a) *Que la entrega se realice sin contraprestación directa de los beneficiarios.*
- b) *Que la entrega **esté sujeta al cumplimiento de un determinado objetivo, la ejecución de un proyecto, la realización de una actividad, la adopción de un comportamiento singular, ya realizados o por desarrollar, o la concurrencia de una situación, debiendo el beneficiario cumplir las obligaciones materiales y formales que se hubieran establecido.***
- c) *Que el proyecto, la acción, conducta o situación financiada tenga por objeto **el fomento de una actividad de utilidad pública o interés social** o de promoción de una finalidad pública.”*

Unha vez feitas as anteriores advertencias, con todo dende o punto de vista formal, para o cambio da finalidade, que non afecta nin altera o estado de gastos do orzamento vixente e como ben di a oficina orzamentaria, so é necesario un único acordo do Pleno da Corporación, sen necesidade de información pública e sen dobre trámite de aprobación, de conformidade ca Base 6ª das aprobadas para a execución do Orzamento 2022, xa que no hai alteracións dos créditos nin aplicacións orzamentarias do estado de gastos do exercicio corrente, polo que non implica en se mesmo modificación orzamentaria ningunha, senon só un cambio do anexo de subvencións nominativas.

Porén, advertimos que a nosa conformidade o é exclusivamente á tramitación da modificación proposta nos termos da normativa orzamentaria, pero non predetermina a calificación e



sentido da fiscalización que se exteriorizará no momento que se execute o gasto vinculado coa modificación que se propón. Será neste segundo momento de execución do gasto cando poderemos facer unha valoración atendendo ó expediente completo que se remita.


Porén, o Pleno resolverá.

É o meu informe.

A Coruña, na data da sinatura electrónica.

O INTERVENTOR XERAL.



Área / Unidad PRESUPOSTOS E ESTUDOS ECONOMICOS SH0000 MJFM	Documento 36E16I00JD	
Código de verificación  075M 3Y5T 362M 430X 17TQ	Expediente 36E/2022/14	
	Fecha 16-09-2022	

**Expediente M1/2022 de modificación do Anexo de Subvencións
nominativas do Orzamento 2022**

Informe proposta

I.- A regulación legal das modificacións orzamentarias atópase contida fundamentalmente nos artigos 177 e seguintes do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo (en diante, TRLRFL), así como na Sección 2ª do Capítulo II do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril (en diante, RD 500/1990). As Bases de Execución do Orzamento conteñen a adaptación das disposicións xerais en materia orzamentaria á organización e circunstancias da Corporación, así como aquelas necesarias para a súa acertada xestión, establecendo cantas prevencións se consideren oportunas ou convenientes para a mellor realización dos gastos e recadación dos recursos.

Así mesmo atenderase ao disposto na Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do Goberno Local, que modifica a Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local.

Na Base 6ª das aprobadas para a execución do Orzamento de 2022 “Vinculacións xurídicas” regúlanse expresamente as modificacións que se pretenden tramitar neste expediente dispoñendo, que cando se trate de modificacións do Anexo de Subvencións ou do Anexo de Investimentos, de competencia plenaria que non impliquen modificación, nin alteración dos créditos, nin aplicacións orzamentarias do estado de gastos do orzamento só requirirán dunha única aprobación do Pleno da Corporación que será inmediatamente executiva.

De acordo coa Base 11ª das de Execución do Orzamento municipal, onde se regulan as Subvencións, calquera modificación do Anexo de Subvencións nominativas debe ser aprobada polo Pleno da Corporación. Nesta base establécese que poderán concederse de forma directa as subvencións previstas nominativamente no orzamento. No suposto que nos ocupa, tramítase unha modificación do Anexo de Subvencións nominativas, mediante a que a Área de Educación, Memoria Histórica, Innovación, Industria e Emprego propón, por un lado, unha modificación da finalidade dun convenio nominativo de Memoria Histórica e doutra banda, un cambio na denominación dun perceptor dunha subvención nominativa de Educación.



Subvencións nominativas aprobadas no orzamento 2022:

APLICACIÓN	IMPORTE	DENOMINACIÓN APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN TRANSFERENCIA	PERCEPTOR	NIF	FINALIDADE
60.326.42301	75.000,00	TRANSFERENCIAS CORRENTES. ACHEGA CENTRO ASOCIADO UNED	Aportación Patronato del Centro de la Universidad a Distancia de A Coruña	PATRONATO DEL CENTRO DE LA UNIVERSIDAD A DISTANCIA DE A CORUÑA	V15058407	Contribuír ao sostemento dos gastos ordinarios do centro asociado UNED da Coruña
60.3344.48950	10.000,00	TRANSFERENCIAS CORRENTES. CONVENIOS NOMINATIVOS	Convenio Ateneo Republicano de Galicia	ATENEO REPUBLICANO DE GALICIA	G15654999	Actividades relacionadas co Ateneo Republicano

Proposta do M1/2022:

APLICACIÓN	IMPORTE	DENOMINACIÓN APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN TRANSFERENCIA	PERCEPTOR	NIF	FINALIDADE
60.326.42301	75.000,00	TRANSFERENCIAS CORRENTES. ACHEGA CENTRO ASOCIADO UNED	Aportación Consorcio Universitario del Centro asociado a la UNED de A Coruña	CONSORCIO UNIVERSITARIO DEL CENTRO ASOCIADO A LA UNED DE A CORUÑA	Q1500424E	Contribuír ao sostemento dos gastos ordinarios do centro asociado UNED da Coruña
60.3344.48950	10.000,00	TRANSFERENCIAS CORRENTES. CONVENIOS NOMINATIVOS	Convenio Ateneo Republicano de Galicia	ATENEO REPUBLICANO DE GALICIA	G15654999	Contribuír aos gastos xerais da entidade e das actividades desenvolvidas por esta no exercicio 2022

Neste expediente M1/2022 propónse unha modificación do Anexo de Subvencións nominativas de 2022, de competencia plenaria que non implica modificación do crédito consignado en 2022, nin modificación da aplicación orzamentaria, consistente, por unha banda, nun cambio de finalidade do convenio nominativo co Ateneo Republicano de Galicia. Doutra banda, un cambio na denominación dun receptor da subvención nominativa á UNED. Por iso, de acordo con a Base 6ª das de Execución do Orzamento, require unha única aprobación polo Pleno da Corporación.

II. O proxecto de expediente de modificación do Anexo de Subvencións nominativas do orzamento 2022 foi aprobado pola Xunta de Goberno Local, segundo consta no certificado que obra no expediente, vén acompañado da correspondente Memoria xustificativa, na que se ordena a incoación do Expediente.

Elevarase proposta para a súa aprobación definitiva polo Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión informativa de Economía, Facenda e Administración Xeral por maioría simple dos membros presentes. O expediente non necesita exposición pública (Base 6ª das de Execución do Orzamento de 2022).



III. Conforme a normativa citada, e se V.E. considérao oportuno, sería procedente formular ao Excmo. Concello Pleno, a seguinte:

Proposta de acordo:

1. Aprobar o expediente de modificación do Anexo de Subvencións nominativas do Orzamento de 2022, incorporando os cambios detallados no seguinte cadro:

Subvencións nominativas aprobadas no Orzamento 2022:

APLICACIÓN	IMPORTE	DENOMINACIÓN APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN TRANSFERENCIA	PERCEPTOR	NIF	FINALIDADE	XESTOR
60.326.42301	75.000,00	TRANSFERENCIAS CORRENTES. APORTACIÓN CENTRO ASOCIADO UNED	Aportación Patronato del Centro de la Universidad a Distancia de A Coruña	PATRONATO DEL CENTRO DE LA UNIVERSIDAD A DISTANCIA DE A CORUÑA	V15058407	Contribuír ao sostemento dos gastos ordinarios do centro asociado UNED da Coruña	Educación
60.3344.48950	10.000,00	TRANSFERENCIAS CORRENTES. CONVENIOS NOMINATIVOS	Convenio Ateneo Republicano de Galicia	ATENEO REPUBLICANO DE GALICIA	G15654999	Actividades relacionadas co Ateneo Republicano	Memoria histórica

Proposta de modificación do M1/2022:

APLICACIÓN	IMPORTE	DENOMINACIÓN APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN TRANSFERENCIA	PERCEPTOR	NIF	FINALIDADE	XESTOR
60.326.42301	75.000,00	TRANSFERENCIAS CORRENTES. APORTACIÓN CENTRO ASOCIADO UNED	Aportación Consorcio Universitario del Centro asociado a la UNED de A Coruña	CONSORCIO UNIVERSITARIO DEL CENTRO ASOCIADO A LA UNED DE A CORUÑA	Q1500424E	Contribuír ao sostemento dos gastos ordinarios do centro asociado UNED da Coruña	Educación
60.3344.48950	10.000,00	TRANSFERENCIAS CORRENTES. CONVENIOS NOMINATIVOS	Convenio Ateneo Republicano de Galicia	ATENEO REPUBLICANO DE GALICIA	G15654999	Contribuír aos gastos xerais da entidade e das actividades desenvolvidas por esta no exercicio 2022	Memoria histórica

2. Facultar á Excm. Sra. Alcadesa para a adopción dos decretos que sexan necesarios para dar efectividade ao acordado.

A Coruña, na data da firma electrónica que figura neste documento

Xefa de Servizo de Orzamentos e Estudos Económicos,

Belén Blanco de Azpiazu

Vº e Prace,

Concelleiro de Economía, Facenda e Réxime Interior,

José Manuel Lage Tuñas


Conforme:

Director de Economía, Facenda e Réxime Interior,

Manuel Ángel Jove Losada



**Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña**

Área / Unidad ACTIVIDAD CORPORATIVA SG1000 PSL	Documento 12316I00BA	
Código de verificación  4Y5W 565J 0S0V 1M1L 0TGV	Expediente 123/2022/44	
	Fecha 13-10-2022	

Manuel José Díaz Sánchez, secretario xeral do Pleno do excelentísimo Concello da Coruña,

Expte. 36E/2022/14

Aprobación do expediente M1/2022, de modificación do Anexo de subvencións nominativas do Orzamento do Concello da Coruña para o exercicio 2022

CERTIFICO: Que o Excmo. Concello Pleno en sesión ordinaria celebrada o día 13 de outubro de 2022 adoptou os seguintes acordos, co voto a favor dos Grupos Municipais do Partido Socialista (9 votos), Marea Atlántica (3 votos), Bloque Nacionalista Galego (2 votos) e das concelleiras non adscritas D.^a Mónica Martínez Lema (1 voto) e D.^a Isabel Faraldo Calvo (1 voto), e a abstención do Grupo Municipal do Partido Popular (9 abstencións):

1. Aprobar o expediente de modificación do Anexo de Subvencións nominativas do Orzamento de 2022, incorporando os cambios detallados no seguinte cadro:

Manuel José Díaz Sánchez, secretario general del Pleno del excelentísimo Ayuntamiento de A Coruña,

Expte. 36E/2022/14

Aprobación del expediente M1/2022, de modificación del Anexo de subvenciones nominativas del Presupuesto del Ayuntamiento de A Coruña para el ejercicio 2022.

CERTIFICO: Que el Excmo. Ayuntamiento Pleno en sesión ordinaria celebrada el día 13 de octubre de 2022 adoptó los siguientes acuerdos, con el voto a favor de los Grupos Municipales del Partido Socialista (9 votos), Marea Atlántica (3 votos), Bloque Nacionalista Galego (2 votos) y de las concejales no adscritas D.^a Mónica Martínez Lema (1 voto) y D.^a Isabel Faraldo Calvo (1 voto), y la abstención del Grupo Municipal del Partido Popular (9 abstenciones):

1. Aprobar el expediente de modificación del Anexo de Subvenciones nominativas del Presupuesto de 2022, incorporando los cambios detallados en el siguiente cuadro:



**Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña**

Subvencións nominativas aprobadas no Orzamento 2022:

APLICACIÓN	IMPORTE	DENOMINACIÓN APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN TRANSFERENCIA	PERCEPTOR	NIF	FINALIDADE	XESTOR
60.326 .42301	75.000,00	TRANSFERENCIAS CORRENTES. APORTACIÓN CENTRO ASOCIADO UNED	Aportación Patronato del Centro de la Universidad a Distancia de A Coruña	PATRONATO DEL CENTRO DE LA UNIVERSIDAD A DISTANCIA DE A CORUÑA	V15058407	Contribuir ao sostemento dos gastos ordinarios do centro asociado UNED da Coruña	Educación
60.3344.48950	10.000,00	TRANSFERENCIAS CORRENTES. CONVENIOS NOMINATIVOS	Convenio Ateneo Republicano de Galicia	ATENEO REPUBLICANO DE GALICIA	G15654999	Actividades relacionadas co Ateneo Republicano	Memoria histórica

Proposta de modificación do M1/2022:

APLICACIÓN	IMPORTE	DENOMINACIÓN APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN TRANSFERENCIA	PERCEPTOR	NIF	FINALIDADE	XESTOR
60.326 .42301	75.000,00	TRANSFERENCIAS CORRENTES. APORTACIÓN CENTRO ASOCIADO UNED	Aportación Consorcio Universitario del Centro asociado a la UNED de A Coruña	CONSORCIO UNIVERSITARIO DEL CENTRO ASOCIADO A LA UNED DE A CORUÑA	Q1500424E	Contribuir ao sostemento dos gastos ordinarios do centro asociado UNED da Coruña	Educación
60.3344.48950	10.000,00	TRANSFERENCIAS CORRENTES. CONVENIOS NOMINATIVOS	Convenio Ateneo Republicano de Galicia	ATENEO REPUBLICANO DE GALICIA	G15654999	Contribuir aos gastos xerais da entidade e das actividades desenvolvidas por esta no exercicio 2022	Memoria histórica

2. Facultar á Excm. Sra. Alcaldesa para a adopción dos decretos que sexan necesarios para dar efectividade ao acordado.

E para que así conste, expido e asino este certificado, ao amparo e coa condición prevista no artigo 206 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e a resultas do texto definitivo da acta.

A Coruña, na data da sinatura electrónica de este documento.

Vº e Pr
Segunda tenenta de alcaldesa
Eudoxia María Neira Fernández

2. Facultar a la Excm. Sra. Alcaldesa para la adopción de los decretos que sean necesarios para dar efectividad a lo acordado

Y para que así conste, expido y firmo este certificado, al amparo y con la salvedad prevista en el artículo 206 del Real Decreto 2568/1986, de 28 de noviembre, por el que se aprueba el Reglamento de organización, funcionamiento y régimen jurídico de las entidades locales y a resultas del texto definitivo del acta.

A Coruña, en la fecha de la firma electrónica de este documento.

Secretario xeral do Pleno,
Manuel José Díaz Sánchez